

ANEXO II

CESIÓN DE DEREITOS DE IMAXE/VOZ DA PERSOA E CESIÓN DE DEREITOS DE EXPLOTACIÓN DOS MATERIAIS DIDÁCTICOS FINANCIADOS

Datos da unidade responsable da recollida da información e consentimento

Servizo da Universidade de Vigo responsable da actividade	Área de Formación e Innovación Educativa
Enderezo electrónico	eafp.innovacion@uvigo.es
Teléfono de contacto	986 812 035
Obrigas do responsable	> Proporcionar á persoa interesada unha copia deste consentimento unha vez asinado. > Conservar e arquivar este consentimento informado e asinado. > De ser o caso, engadilo ao aplicativo de pedidos xunto co orzamento, factura ou liquidación.

INFORMACIÓN PREVIA Á PERSOA INTERESADA

Para o desenvolvemento do curso ou REA _____, destinado á formación das persoas que pertencen á comunidade universitaria da Universidade de Vigo.

A tal efecto, a Universidade de Vigo precisa que se elaboren unha serie de actividades que suporán a captación da súa imaxe e/ou voz (por exemplo, en pílulas polimedia, actividades de aprendizaxe, titorías ou avaliación). A intención da entidade educativa é poder empregar eses produtos en futuras edicións do curso ou se é un recurso educativo aberto telo dispoñible en Moovi.

Considerando que tal utilización non tería ánimo de lucro, **SOLICITÁMOSLLE** que nos autorice a captación da súa imaxe/voz e que nos ceda os dereitos de explotación gratuíta dela así como do material didáctico mencionado para o seu uso durante 10 anos.

O alcance da utilización mencionada abranguería ou podería abranguer:

1. A reproducción total ou parcial dos contidos, a súa difusión, distribución, comunicación pública e exhibición, que responda á/s finalidade/s descrita/s, baixo calquera forma, xa fose permanente ou transitoria, no/s seguinte/s medio/s e/ou plataforma/s Moovi.
2. De ser o caso, a adaptación técnica ou calquera outra transformación dos contidos e a reprodución dos resultados de tales actos, sen prexuízo dos dereitos da persoa que os transforme.

CONSENTIMENTO DA PERSOA INTERESADA

Don/Dona _____, maior de idade e con DNI _____ declaro que lin e entendín a información exposta e que, en consecuencia, expresamente:

- ☐ Ser gravado/a para facer vídeos que acompañen ao REA ou curso anteriormente citado pola Universidade de Vigo para o seu uso gratuíta durante 10 anos e destinado á divulgación da Innovación Educativa.
- ☐ A cesión gratuíta do recurso educativo xerado no Concepto I (manuais, unidades didácticas, libros, capítulos, aplicacións móbiles e software con finalidade docente ou no curso resultante do Concepto

II á Universidade de Vigo para o seu uso gratuíto durante 10 anos e destinado á divulgación da Innovación Educativa.

- ☐ Consinto e autorizo a captación e tratamento da miña imaxe/voz para a finalidade descrita.
- ☐ Consinto e autorizo a publicación da miña imaxe/voz no recurso educativo xerado no Concepto I (manuais, unidades didácticas, libros, capítulos, aplicacións móbiles e software con finalidade docente ou no curso de autoformación en liña resultantes do Concepto II para a finalidade descrita.
- ☐ Consinto e autorizo a explotación do recurso educativo xerado no Concepto I (manuais, unidades didácticas, libros, capítulos, aplicacións móbiles e software con finalidade docente ou no curso de autoformación en liña resultantes do Concepto II para a finalidade descrita.

SINATURA DIXITAL:

Información básica sobre protección de datos

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, Xeral de Protección de Datos (RXPd) e no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que:

Responsable: as imaxes, vídeos e datos asociados a vostede que se obteñan no desenvolvemento desta actividade serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo.

Finalidade: o emprego das imaxes, vídeos, sons e datos asociados a vostede para os fins especificados na parte informativa deste impreso.

Lexitimación: o tratamento dos seus datos baséase no seu consentimento conforme ao artigo 6.1.a) do RXPd. Vostede ten dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento se ben a retirada non afectará á licitude dos tratamentos, baseados no seu consentimento, que foran levados a cabo con anterioridade a aquela.

Conservación: Estes datos trátaranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante os prazos legais e/ou contractuais aplicables.

Exercicio de dereitos: Vostede ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Estes dereitos poderá exercelos mediante solicitude dirixida ao reitor da Universidade de Vigo, presentada a través da súa sede electrónica (<https://sede.uvigo.gal/>), a través dos rexistros da Universidade de Vigo, ou empregando calquera dos medios indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Edificio Ernestina Otero, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra).

Tamén poderá dirixir a súa solicitude directamente á delegada de protección de datos da Universidade de Vigo cuxa identidade e datos de contacto son Ana Garriga Domínguez, Facultade de Dereito, Campus Universitario As Lagoas s/n, 32004, Ourense (España). Teléfono: 988 368 834. Enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal.

Así mesmo, se os seus dereitos non foran atendidos, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Información adicional: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>
